



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARES

Bases específicas para a contratación laboral temporal de 4 peóns e 2 subalternos do PEL-Concellos 2025

Por acordo da Xunta Municipal de Goberno do Concello de Ares celebrada en data 28/02/2025, aprobáronse as Bases específicas para a contratación laboral temporal de 4 Peóns a xornada completa e 2 subalternos en xornada de 25 horas, do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais durante o exercicio 2025 PEL-CONCELLOS que son as que a continuación se transcriben, e se procede á súa convocatoria mediante a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña:

En Ares a 4 de marzo do 2025

O Alcalde-Presidente

Julio Ignacio Iglesias Redondo

“BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 4 PEÓNS e 2 SUBALTERNOS.

Primeira.-Obxecto

Ó abeiro da subvención outorgada pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña para Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais, ten por obxecto a contratación de 4 peóns a xornada completa por un período de 4 meses e 2 subalternos en xornada de 25 horas, un de eles durante 3 meses e o outro por 5 meses.

Segunda.- Selección

A selección terá lugar entre os candidatos que se presenten mediante convocatoria pública a facer mediante o anuncio no Boletín Oficial de A Provincia de A Coruña, así como na páxina web do Concello de Ares, de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

No proceso selectivo, valorarase como mérito finalizar favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas. A tal fin, terán que aplicar o previsto na lexislación vixente sobre a protección e fomento do emprego do persoal en risco de exclusión social, á que se fai referencia o punto seguinte de estas bases.

Terceira.-Requisitos do persoal para contratar.

As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalguna das seguintes situacións de exclusión laboral:

- a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Parados de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
- e) Persoas en situación de drogodependencia.
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g) Persoas con fogar monoparental.
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero.

j) Persoas sen fogar.

Tódolos requisitos anteriores deberán terse no momento de remata-lo prazo de admisión de solicitudes e conservarse, polo menos ata a data de formalización do contrato.

Cuarta.-Actividades a realizar polo persoal contratado.

O persoal contratado deberá realizar, exclusivamente, actividades relacionadas cos seguintes servizos mínimos previstos no artigo 26 da Lei 7/1985:

a) En todos os municipios: alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos.

Así mesmo, poderán executar pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos. O persoal contratado non poderá asignarse a actividades que xa estean subvencionadas noutros plans, programas ou convocatorias de subvencións da Deputación para o exercicio 2022 ou anteriores.

Quinta.-Composición comisión seleccionadora.

A Composición da Comisión Seleccionadora se determinará por Resolución da Alcaldía no momento de publicación do listaxe definitivo de aspirantes ao posto. Dita Comisión Seleccionadora, tendo en conta os criterios establecidos no punto terceiro de estas bases, efectuará unha entrevista cos aspirantes a efectos de levar a cabo a selección, propoñendo na súa virtude os aspirantes aprobados así como unha relación de suplentes por orde de puntuación.

Sexta.-Presentación de solicitudes.

Os aspirantes **disporán dun prazo de cinco días hábiles** contados a partir do seguinte día da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. En cada solicitude deberase presentar o modelo de instancia que se adxunta como Anexo I destas bases, debidamente cumprimentado, e acreditar, se é o caso, a seguinte documentación:

- Os cartóns ou informes acreditativos de que as persoas para contratar son **demandantes de emprego**, debidamente actualizados.
- A documentación acreditativa da situación de exclusión de cada persoa traballadora:

Mulleres e persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI
Persoas desempregadas de longa duración	Tarxeta de demandante de Emprego debidamente actualizada. Informe de vida laboral actualizado.
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente.
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar no que ningún dos seus membros teña emprego, fogar monoparental/monomarental ou persoas sen fogar; vítimas de violencia de xénero.	Informe dos servizos sociais municipais.

Presentadas as instancias elaborárase mediante Resolución da Alcaldía un listaxe provisional de aspirantes e de excluídos indicando o motivo da súa exclusión e facilitando a estes un prazo de 10 días naturais para que puidesen emendar as deficiencias detectadas na súas solicitudes e así acordar o listaxe de aspirantes definitivo.

Os listaxe de aspirantes definitivo, no día e hora sinalados por Resolución da Alcaldía, presentaranse diante da Comisión Seleccionadora para manter unha entrevista persoal, na que se avaliará a súa adecuación ó posto, en función dos criterios fixados no punto terceiro de estas bases.

Sétima.- Proposta de contratación.

Concluída a cualificación do proceso de selección, a Comisión publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal a relación de tódolos aspirantes coa puntuación final.

A comisión seleccionadora elevará á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor dos/as aspirantes que obtiveron a puntuación total máis alta (a Comisión non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas ou propostas posteriormente e na categoría das mesmas).

Oitava.- Formalización do contrato.

Unha vez presentada e avaliada a documentación a documentación á que se refire o punto sexto de estas bases, o órgano competente da corporación procederá á contratación a favor dos/as aspirantes propostos/as pola Comisión Selec-

cionadora, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do **prazo de cinco días naturais**, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación. Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, as/os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

Novena.-Renuncias ou substitucións.

No caso de extinción da relación laboral, ben sexa por substitución ou por renuncia dalgunha persoa traballadora por causas alleas ao concello, poderase contratar a outra persoa que reúna os requisitos do programa. Comunicarase á Deputación devandito cambio, que non supoñerá variación na cantidade concedida, e achegará a documentación acreditativa da situación da nova persoa traballadora a contratar.

En ambos casos (renuncia ou substitución), procederase a designar os aspirantes pola orde de puntuación obtida na selección sen necesidade de nova selección, o novo contrato estenderase polo prazo que quede para remátalo prazo da relación contractual.

Décima.- Obrigas e Compromisos.

O concello poderá realizar a contratación do persoal a través do Servizo Público de Emprego ou convocando o seu propio proceso selectivo de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación. **No proceso selectivo, valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas.** A tal fin terá que aplicar o previsto na lexislación vixente sobre a protección e fomento do emprego do persoal en risco de exclusión social, á que se fai referencia **na base sexta destas bases.**

O concello deberá contratar aos traballadores por unha xornada mínima semanal de 25 horas ou a permitida pola lexislación laboral segundo o grao da discapacidade dos mesmos.

Os concellos deberán facilitar ás persoas contratadas:

- a) Roupa de traballo na que figure que o proxecto é subvencionado pola Deputación mediante a impresión na mesma dos logos do proxecto e da Deputación, dispoñibles na web **www.dacoruna.gal**.
- b) A formación prevista en materia de prevención de riscos laborais pola lexislación laboral vixente

O concello comprométese a publicitar a achega provincial e a facer constar o financiamento da Deputación provincial de A Coruña en todas as comunicacións polas que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet.

O concello deberá autorizar á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade atópase ao corrente nas súas obrigas.

Os concellos estarán obrigados a facilitar aos servizos da Deputación Provincial toda a información que se lles demande en relación co Programa.

Undécima.-Réxime xurídico aplicable

Ademais da normativa especificada na Base 1.Réxime xurídicoxeral, das bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, as contratacións realizadas aoabeirodeste Programa regularanse polo Real Decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais.

Estes cambios afectan ás modalidades contractuais que poden utilizar as Entidades Locais para dar cobertura aos contratos de duración determinada nascontratacións ligadas aosplans de emprego, ao introducir na Disposición adicional novena, unha nova modalidade de contrato á que se lle denomina contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

Así, en virtude do anterior, os concellos adheridos ao Programa, poderán realizar as contrataciónsaoabeiro da convocatoria PEL- CONCELLOS, namodalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolles os códigos 405, cando a contratación sexa a tempo completo, e 505 cando sexa a tempo parcial.

ANEXO I**SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO PEÓNS**

D/D^a. _____ . con DNI nº _____ e enderezo a efectos de notificación en R/ _____ da localidade de _____, provincia de _____, con número de teléfono de contacto _____.

En virtude da convocatoria emitida por este Concello para a provisión en réxime laboral temporal de 4 PEÓNS do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais.

_____ **MANIFESTA** que reúne todas e cada unha das condicións referidas na base quinta e polo tanto,

(marcar cunha X)

SOLICITA se teña por presentado este escrito en tempo e forma, e se me declare admitido/a para formar parte en calidade de aspirante no proceso:

CATRO PEÓNS

En _____ a ____ de _____ de 2025.

Asdo:

DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA

_____ Fotocopia de DNI

_____ Informe dos servizos sociais municipais

_____ Informe de vida laboral actualizado.

_____ Tarxeta de demandante de emprego.

_____ Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente

(marcar cunha X)

ANEXO I**SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS**

D/D^a. _____ . con DNI nº _____ e enderezo a efectos de notificación en R/ _____ da localidade de _____, provincia de _____, con número de teléfono de contacto _____.

En virtude da convocatoria emitida por este Concello para a provisión en réxime laboral temporal de 2 SUBALTERNOS do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais.

_____ **MANIFESTA** que reúne todas e cada unha das condicións referidas na base quinta e polo tanto,
(marcar cunha X)

SOLICITA se teña por presentado este escrito en tempo e forma, e se me declare admitido/a para formar parte en calidade de aspirante no proceso:

DOUS SUBALTERNOS

En _____ a ____ de _____ de 2025.

Asdo:

DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA

_____ Fotocopia de DNI

_____ Informe dos servizos sociais municipais

_____ Informe de vida laboral actualizado.

_____ Tarxeta de demandante de emprego.

_____ Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente

(marcar cunha X)”

2025/1436